

RESOLUCION DA ALCALDIA DE DATA 8 DE XUÑO DE 2016

ASUNTO.- ESTIMACIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA EXCLUSIÓN A PARTICIPAR NAS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 3 AUXILIARES DE POLICIA LOCAL DE DONA BEATRIZ MIRANDA CASTAÑO.

Visto que o 07/06/2016 con RE 7186 dona Beatriz Miranda Castaño presentou reclamación contra a súa exclusión a participar nas probas selectivas que nos ocupan, acordada o 7 de xuño de 2016.

E vista a proposta contida a cata do Tribunal cualificador das probas selectivas de data 8 de xuño de 2016.

De conformidade coas bases da convocatoria aprobadas por RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE 27/05/2016 e en virtude do artigo 20 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, e do artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

RESOLVO

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto contra a resolución da Alcaldía de data 07/06/2016 na que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos a participar na selección de 3 auxiliares de Policía Local, declarando polo tanto admitida tamén a recorrente dona Beatriz Miranda Castaño.

Segundo.- Contra a presente resolución que pon fin á vía administrativa poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ó da publicación deste acto.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde, diante de min, o Secretario, que dou fe.

ALCALDE

O SECRETARIO



D. JOSÉ TOMÉ ROCA



D. JOSÉ MARIA BAÑOS CAMPO